



## TÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS

### CAPÍTULO I

#### DENOMINACIÓN, NATUREZA XURÍDICA, OBXETO SOCIAL E DOMICILIO

**Artigo 1º.** A *Federación Galega de RUGBY*, é unha entidade privada, sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia; o seu ámbito de territorialidade comprende a Comunidade Autónoma de Galicia no desenvolvemento das competencias que lle son propias, estando integrada polas seccións deportivas, deportistas, técnicos e xuíces-árbitros adicados a práctica do deporte do *RUGBY*.

A *Federación Galega de RUGBY*, ademais das competencias que lle son propias, exerce por delegación, funcións públicas de carácter administrativo actuando como axente colaborador da Administración Pública.

**Artigo 2º.** A *Federación Galega de RUGBY*, organízase orgánica e funcionalmente de forma democrática e representativa, con personalidade xurídica e patrimonio propio e independente do dos seus asociados, e plena capacidade de obrar, coas limitacións sinaladas pola lei e disposicións vixentes, e pode adquirir, para os seus propios fins, bens de todas clases, mobles e inmobles, contratar e obrigarse para o cumprimento das súas finalidades e está suxeita ás súas propias responsabilidades.

A *Federación Galega de RUGBY*, encóntrase integrada na Federación Española de *RUGBY*, ostentando de maneira exclusiva a representación desta dentro da Comunidade Autónoma de Galicia no referente ó deporte do *RUGBY*, conservando, en tal integración a súa personalidade xurídica, o seu patrimonio propio e diferenciado, o seu presuposto e o seu réxime xurídico particular

**Artigo 3º.** A *Federación Galega de RUGBY*, ten como obxeto social promocionar, dirixir e ordenar exclusivamente dentro de Galicia, sen prexuício das competencias concurrentes das distintas Administracións Públicas, as actividades propias da súa modalidade deportiva, en coordinación cos organismos correspondentes da Xunta de Galicia, e rexerase polo disposto na Lei 3/2012 do 2 de abril do Deporte de Galicia, polos presentes estatutos e os seus regulamentos debidamente aprobados e polas demais disposicións legais ou federativas que resulten aplicables.

A *Federación Galega de RUGBY*, é a única entidade competente dentro da Comunidade Autónoma de Galicia para promocionar, regulamentar, organizar, xestionar e controlar as competicións oficiais do *XOGO DO RUGBY*.

**Artigo 4º .**

1. A *Federación Galega de RUGBY* exercerá as funcións que lles atribúan os seus estatutos, así como aquelas de carácter público que se delegan na lei do deporte de Galicia 3/2012 do 2 de abril.

  2



2. A Federación galega de RUGBY exercerá como funcións propias as seguintes:

- a) A convocatoria das seleccións deportivas da súa modalidade deportiva e a designación dos deportistas que as integren.
- b) Colaborar coas administracións públicas e coa federación española correspondente, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción das súas respectivas modalidades.
- c) Colaborar coa Administración deportiva autonómica na execución dos plans e programas dos deportistas galegos de alto nivel.
- d) De ser o caso, e conforme a normativa que sexa aplicable, colaborar e/ou organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Elaborar os seus propios regulamentos deportivos.
- f) Colaborar coa Administración deportiva autonómica na formación de adestradores, xuíces e árbitros segundo a normativa que sexa aplicable

3. Os actos adoptados pola Federación Galega de RUGBY no exercicio das funcións públicas de carácter administrativo son susceptibles de recurso administrativo ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.



4. Son funcións públicas delegadas, e exerceránse en réxime de exclusividade pola Federación Galega de RUGBY, as seguintes:

- a) Representar a Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas da súa modalidade, consonte a normativa que lle sexa aplicable.
- b) Organizar as competicións oficiais autonómicas federadas.
- c) Expedir licenzas deportivas para a práctica da súa modalidade deportiva nos termos establecidos na lei do deporte de Galicia 3/2012 do 2 de abril.
- d) Asignar as subvencións e as axudas de carácter público concedidas a través da federación e controlar que os seus asociados lles dean unha correcta aplicación.
- e) Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno, así como dos demais dereitos e obrigas derivados do cumprimento dos seus respectivos estatutos.
- f) Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos na lei do deporte de Galicia 3/2012 do 2 de abril e polas súas disposicións de desenvolvemento, de acordo cos seus respectivos estatutos e regulamentos.
- g) Executar, de ser o caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- h) Colaborar coas administracións públicas competentes na prevención, no control e na represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na prevención da violencia no deporte. Para estes efectos, e entre outras accións, a federación galega de RUGBY instruirá e resolverá os expedientes sancionadores que no ámbito da dopaxe se substancien, consonte o establecido no título VIII na lei do deporte de Galicia 3/2012 do 2 de abril.

*[Handwritten signature]* <sup>3</sup>



i) Calquera outra que regulamentariamente se determine.

5. As funcións públicas delegadas serán exercidas pola Federación Galega de RUGBY baixo a tutela da Administración deportiva, que, conforme se determine regulamentariamente, procederá á súa asunción nos casos de extinción da federación ou cando esta se atope en situación concursal.

A Federación Galega de RUGBY exercerá as funcións públicas delegadas de forma directa, sen que poidan ser obxecto de delegación ou exercicio por ningunha substitución, sen autorización da Administración deportiva.

**Artigo 5º.** O domicilio social da *Federación Galega de RUGBY*, establécese en A CORUÑA no Complexo Deportivo de Elviña, Rúa Avenida de Glasgow 11, 15008

A Comisión Delegada, por maioría dos seus membros e canda as circunstancias o aconsellen, poderá acorda-lo cambio do domicilio social dentro da mesma localidade. Para o traslado do domicilio a outra localidade, que deberá ser sempre dentro do territorio da Comunidade Autónoma Galega, será necesario o acordo maioritario da Asemblea Xeral, en ambos casos, o traslado do domicilio social deberá ser notificado ós afiliados e a Administración deportiva Autónoma.

Por acordo da Asemblea Xeral, e a efectos puramente de organización interna, poderanse establecer delegacións da *Federación Galega de RUGBY* nas localidades de Galicia que decida a citada Asemblea.



## CAPÍTULO II REQUISITOS PARA SER MEMBRO DA FEDERACIÓN. DEREITOS E DEBERES

**Artigo 6.** As entidades deportivas, así como as seccións deportivas previstas na lei 3/2013 Art 51.1 poderán integrarse, a petición propia, na *Federación Galega de RUGBY*, sempre que teñan o seu domicilio social e desempeñen a súa actividade en Galicia e se encontren constituídos conforme ós requisitos esixidos para cada modalidade pola lexislación vixente e inscritos no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, debendo comprometerse a cumprir os Estatutos e Regulamentos da *Federación Galega de RUGBY* e someterse á autoridade dos órganos federativos, en relación coas materias da súa competencia.

Os mesmos criterios e requisitos, no que sexa de aplicación, rexirán para a integración na Federación dos deportistas, técnicos e xuíces-árbitros.

**Artigo 7º.** A integración na *Federación Galega de RUGBY*, conlevará a integración automática e a todo-los efectos na Federación Española de RUGBY.

**Artigo 8º.** A integración na *Federación Galega de RUGBY*, producirase mediante a expedición por parte desta da correspondente licenza federativa, documento de afiliación ou inscrición. Dita expedición, será tramitada tra-la

 4

súa solicitude polo interesado/a, ou a través do clubes federados, e tralo abono das taxas correspondentes, aprobadas en asemblea. A perda de condición de federado, será por inhabilitación segundo o Regulamento de Disciplina da *Federación Galega de RUGBY*.



Contra a denegación, que deberá de ser motivada, caberá recurso ante a Asemblea Xeral.

En todo caso, para a participación en actividades ou competicións deportivas oficiais de ámbito autonómico, será preciso estar en posesión da licenza ou documento de afiliación expedido pola *Federación Galega de RUGBY*.

**Artigo 9º.** Tódolos membros da *Federación Galega de RUGBY*, teñen dereito a recibi-la tutela da mesma con respecto ós seus intereses deportivos comúns e individuais, así como de participar nas súas actividades e no funcionamento dos seus órganos, de acordo cos presentes Estatutos e cos regulamentos internos daquela. Os membros da *Federación Galega de RUGBY*, teñen, a súa vez o deber de acata-los acordos dos seus órganos, sen que isto obste o dereito de recurrir, ante as instancias federativas competentes e no seu caso, ante os Tribunais de Xustiza da Administración deportiva Autónoma, según proceda, aqueles que consideren contrarios a Dereito, e sen prexuízo de acudir a conciliación extraxudicial ou arbitrase nos términos previstos nas Leis.

**Artigo 10º.** As entidades deportivas, os deportistas, os técnicos-adestradores e os xuíces árbitros, sen prexuízo da súa pertenza e afiliación directa na *Federación Galega de RUGBY*, poderán agruparse en asociacións deportivas, con ou sen personalidade xurídica propia que á súa vez estarán integradas necesariamente na *Federación Galega de RUGBY*.



A condición de federado pode perderse polas seguintes causas:

- a) Pola disolución ou baixa no rexistro deportivo da Xunta de Galicia, da entidade deportiva.
- b) Renuncia Voluntaria.
- c) Por sanción disciplinaria imposta en forma regulamentaria que implique a baixa.

### CAPÍTULO III ESTRUCTURA TERRITORIAL

**Artigo 11º.** A *Federación Galega de Rugby* poderá establecer Delegacións nas localidades de Galicia que se estime oportuno, a proposta do Presidente e previo acordo da Asemblea Xeral.

Cada Delegación, quedará integrada polas entidades deportivas, deportistas, técnicos e xuíces-árbitros que correspondan ó ámbito territorial fixado para cada Delegación

**Artigo 12º.** As Delegacións, axustarán a súa actividade ás normas dictadas

5

pola Federación Galega de RUGBY a través dos órganos que correspondan directamente do seu Presidente.

**Artigo 13º.** O Presidente, nomeará ou cesará os titulares das Delegacións.

As Delegacións provinciais da Federación Galega de RUGBY, estarán integradas por un Delegado que será o representante da Federación na respectiva Delegación.



## TÍTULO II

### DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

#### **CAPÍTULO I NORMAS XERAIS**

**Artigo 14º.** Son órganos de goberno e representación da Federación Galega de RUGBY a Asemblea Xeral e o Presidente.

No seo da Asemblea Xeral deberá constituirse unha Comisión Delegada de asistencia a mesma.

**Artigo 15º.**

1. Serán órganos electivos da Federación Galega de RUGBY o Presidente, a Asemblea Xeral e a Comisión Delegada no ámbito das súas respectivas competencias.  
Os membros dos demais órganos e comités, serán designados e revocados libremente polo Presidente coas excepcións previstas nos presentes Estatutos.
2. O nomeamento ou a renovación dos membros dos órganos de goberno e representación, dos órganos complementarios, e dos comités que poideran crearse dentro da Federación Galega de RUGBY, deberán ser comunicados a todo-los membros da Asemblea Xeral.
3. Os órganos de goberno e representación, reuniranse na forma e términos establecidos nestes Estatutos; os seus acordos, salvo disposición expresa que dispoña o contrario adoptaránse por maioría simple; o Presidente terá voto de calidade en caso de empate. Os acordos poderán ser impugnados de conformidade co disposto na lexislación aplicable e nos presentes Estatutos.
4. A responsabilidade dos membros dos órganos da Federación no exercicio das súas funcións será esixida no ámbito disciplinario de conformidade no Real Decreto 1591/1992 de 23 de decembro, na Lei 3/2012 do Deporte de Galicia e nos ámbitos administrativo, civil e penal de acordo coa lexislación xeral de aplicación.
5. Son requisitos xerais para ser membro de calquera órgano da *Federación Galega de RUGBY*, sen prexuício do establecido regulamentariamente, os seguintes:



6  
*[Handwritten signature]*

- a. Te-la condición de cidadán de Galicia, segundo o disposto no artigo 3 da Lei Orgánica do 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- b. Ser maior de idade e estar en pleno uso dos dereitos civís.
- c. Non estar suxeito a corrección disciplinaria de carácter deportivo que o inhabilite.
- d. Non ter sido condenado mediante sentenza penal firme que leve anexa a pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público.
- e. Non estar incurso en ninguna causa de incompatibilidade establecida legalmente ou nos presentes Estatutos.
- f. Reunir os requisitos específicos propios de cada estamento deportivo.



## CAPÍTULO II DA ASEMBLEA XERAL



### SECCIÓN PRIMEIRA: NATUREZA, COMPOSICIÓN, NOMEAMENTO E CESE

**Artigo 16º.** A Asemblea Xeral é o órgano superior de goberno e representación da *Federación Galega de RUGBY*. Os acordos leváranse polo secretario/a a unha acta. Esta será publicada na páxina web, no taboleiro de anuncios das federacións e será remitida a Xunta de Galicia antes dos quince días, a contar dende a celebración da asemblea. Os acordos poderán impugnarse ante o órgano disciplinario correspondente da Xunta de Galicia, nun prazo de un mes dende a súa adopción.

**Artigo 17º.** A Asemblea Xeral estará constituída polo Presidente da Federación e polos representantes das entidades deportivas, os deportistas, técnicos e os xuíces-árbitros.

As entidades deportivas non poderán ser membros da Asemblea Xeral, se no momento da convocatoria de eleccións non figuran inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia. Así mesmo non poderán ser membros da Asemblea Xeral si non están inscritos nese momento na competición e non estiveron inscritas nas competicións nos dous anos inmediatamente anteriores. Os compoñentes da Xunta Directiva, por este só carácter poderán asistir ás reunións da Asemblea, con dereito a voz pero sen voto.

**Artigo 18º.-** O regulamento electoral deberá indicar expresamente a porcentaxe de membros da asemblea xeral e o de cada un dos estamentos. O designación da xunta electoral, desenvolverase nun regulamento electoral.

**Artigo 19º.** Na Asemblea Xeral, estarán representados os estamentos sinalados anteriormente de acordo coas seguintes proporcións:

- Entidades deportivas, 70%
- Deportistas, 20%

- Adestradores/Técnicos 5%
- Xuíces /Árbitros, 5%.



**Artigo 20º.** Os membros da Asemblea Xeral serán elixidos cada catro anos coincidindo cos Xogos Olímpicos de Inverno, mediante sufraxio libre, secreto, igual e directo entre e polos compoñentes dos distintos estamentos da Federación e os requisitos necesarios para ser assembleista son:

- a. Te-la condición de cidadán de Galicia, segundo o disposto no artigo 3 da Lei Orgánica do 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- b. Ser maior de idade e estar en pleno uso dos dereitos civís.
- c. Non estar suxeito a corrección disciplinaria de carácter deportivo que o inhabilite.
- d. Non ter sido condenado mediante sentenza penal firme que leve anexa a pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público.
- e. Non estar incurso en ninguna causa de incompatibilidade establecida legalmente ou nos presentes Estatutos.
- f. Reunir os requisitos específicos propios de cada estamento deportivo.



**Artigo 21º.** Os membros da Asemblea Xeral cesarán polas seguintes causas:

- a. Defunción.
- b. Disolución da entidade a que representa.
- c. Expiración do mandato para o que foi elixido.
- d. Renuncia voluntaria ou dimisión.
- e. Estar incurso en causa de inlexibilidade ou incompatibilidade legal ou estatutaria.
- f. Sanción disciplinaria imposta en forma regulamentaria que implique o cese no cargo que ostenta.
- g. Pérdida dos requisitos polos que foron elixidos no seu respectivo estamento.

**Artigo 22º.** As vacantes que se produzan na Asemblea Xeral antes das seguintes eleccións xerais a mesma, serán cubertas, dentro de cada estamento e de maneira sucesiva, polos candidatos que no proceso electoral obtivesen maior número de votos despois dos que resultaron electos e, a falta destes, mediante a realización de eleccións parciais sempre que neste último caso, as vacantes superen o 20% dos membros da Asemblea.

Os elixidos para ocupar as vacantes ás que se refire o apartado anterior ostentarán o seu mandato polo tempo que falte para a celebración das seguintes eleccións xerais.

## SECCIÓN SEGUNDA: RÉXIME DE FUNCIONAMENTO

### 1. COMPETENCIAS

**Artigo 23º.** A Asemblea Xeral, en canto órgano máximo de goberno e

representación da Federación, pode adoptar calquer acordo ou decisión sobre a mesma, con sometemento ás regras de competencia e procedemento. Especialmente son competencias da Asemblea Xeral as seguintes:

1. A aprobación e modificación dos Estatutos da *Federación Galega de RUGBY*.
2. A elección, mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto do Presidente e da Comisión Delegada da *Federación Galega de RUGBY*, así como o cese e a moción de censura ó Presidente.
3. Aprobación e liquidación do presuposto anual da *Federación Galega de RUGBY*.
4. Aprobación do programa ou calendario deportivo anual a desenvolver pola *Federación Galega de RUGBY* e das bases ou regulamentos que rexirán a competición.
5. Aprobación da creación de órganos territoriais da *Federación Galega de RUGBY*.
6. Aprobación do Regulamento de Eleccións a Asemblea, Presidente e da Comisión Delegada da *Federación Galega de RUGBY*.
7. Aprobación do Regulamento sobre conciliación extraxudicial ou arbitraje.
8. Aprobación do regulamento de Disciplina Deportiva.
9. Calquer outra competencia da Federación que non este expresamente atribuída polos presentes Estatutos a outro órgano.

## 2. CONVOCATORIA

**Artigo 24º.** A Asemblea Xeral, será convocada polo Presidente da *Federación Galega de RUGBY*, con un mínimo de 10 días naturais de antelación a data da súa celebración, no taboleiro de anuncios da Federación, debendo incluír necesariamente os puntos do orden do día a tratar, ademais da notificación individual a cada un dos membros á dirección que deberá constar na Federación 30 días antes da convocatoria; a notificación remitírase por calquer medio que permita ter constancia da recepción cunha antelación mínima de cuarenta e oito horas. Os defectos formais na convocatoria non darán lugar a nulidade da Asemblea sempre e cando os membros da mesma recibisen a convocatoria coa orden do día no prazo establecido e, en todo caso, a Asemblea será válida, sen necesidade de ningún outro requisito, sempre que concurren a totalidade dos membros da mesma.

A orde do día, poderá ser modificada, no senso de incorporar novos puntos, a petición fundada duna quinta parte dos membros da Asemblea Xeral e sempre que esta incorporación se solicite cunha marxe de tempo suficiente para que poida ser notificada a todo-los membros da Asemblea Xeral mediante notificación e publicación no taboleiro de anuncios da *Federación Galega de RUGBY* coa antelación mínima de 3 días á data da celebración.

**Artigo 25º.** O Presidente da *Federación Galega de RUGBY*, deberá convocar unha Asemblea Xeral Ordinaria anualmente antes do inicio da nova tempada deportiva para trata-los asuntos propios da xestión ordinaria e, como mínimo para a aprobación da memoria anual de actividades e aprobación do novo presuposto e a liquidación do anterior, aprobación do calendario deportivo e das regras que rexirán a competición e o examen e consideración das propostas que formulen os membros da Asemblea, da Comisión Delegada, da

9  


Xunta Directiva e o Presidente.

Toda-las demais Asembleas terán carácter extraordinario e serán convocadas polo Presidente da *Federación Galega de RUGBY* sempre que o esteña oportuno, ou a petición dun número de membros que integran a Asemblea non inferior o 25%. En este caso, os solicitantes deberán formular unha petición por escrito dirixido ó Presidente da Federación, indicando os puntos que compoñerán a orden do día. O Presidente, no prazo máximo de 10 días naturais dende a entrada no rexistro da *Federación Galega de RUGBY*, deberá convoca-la Asemblea con carácter extraordinario, cos requisitos de forma sinalados nestos Estatutos, coa orden do día solicitado, sen incluír ningún outro punto, a celebrar nun prazo non superior a 20 días naturais dende a convocatoria. Caso de negativa expresa do Presidente a efectuar a convocatoria, ou pasados 10 días dende que a solicitude fose efectuada sen ter sido respondida, os solicitantes poderán facer uso dos dereitos que a lexislación vixente establece, ante a Administración Deportiva Autonómica para a convocatoria dos órganos colexiados de goberno.

Cando o Presidente da Federación aprecie a existencia dunha situación urxente que non permita demora na convocatoria da Asemblea Extraordinaria, poderá convocala sen suxección a prazo nen requisito de forma algunha salvo a citación persoal dos assembleístas que poidan ser localizados nos domicilios que consten na Federación. En todo caso a Asemblea requirirá como mínimo a presenza de 2/3 dos seus membros e antes de analizar a orde do día pronunciarase previamente, por maioría de asistentes, sobre a urxencia da convocatoria e a necesidade ou non da súa celebración. En todo caso nunha Asemblea convocada desta forma non poderán modificarse os Estatutos.

### 3. CONSTITUCIÓN

**Artigo 26º.** A Asemblea Xeral, quedará validamente constituída en primeira convocatoria, cando a ela concurren a metade máis un dos seus membros.

En segunda convocatoria, será válida sexa cal sexa o número de asistentes. Deberá mediar un mínimo de media hora entre a primeira e a segunda convocatoria.


### 4. ADOPCIÓN DE ACORDOS

**Artigo 27º.** Non será admisible en modo algún para a formación da vontade dos órganos colexiados da *Federación Galega de RUGBY*, nin para o establecemento do seu quórum o voto por correo nin a delegación de voto sendo, por tanto, necesaria a presenza física dos seus membros. Exceptúanse as eleccións dos membros da Asemblea Xeral, se así o aprobase o Regulamento Electoral.

Con carácter excepcional as entidades deportivas, clubs ou seccións deportivas poderán ser representadas de conformidade ós seus propios estatutos, pero o representante non poderá ser membro da Asemblea Xeral.

Ninguén poderá ostentar na Asemblea Xeral máis de unha delegación de voto.

**Artigo 28º.** As votacións no seo da Asemblea Xeral, realizaranse na forma e pola orde que a Presidencia estableza, sendo esta a que decidirá se serán



ordinarias, nominais ou secretas; se ó menos o vintecincos por cento dos asistentes solicita unha modalidade determinada, a forma de votación decidírase por maioría simple dos membros da Asemblea Xeral.



**Artigo 29º.** A Asemblea Xeral, será presidida polo Presidente da Federación e o seu voto será de calidade en caso de empate. Os acordos adoptaránse por maioría simple dos asistentes.

Os efectos de cómputos de quorums e maiorías, cando estes se conformen con un número inexacto de assembleístas, computaránse sempre por exceso e con referencia o número de aqueles efectivamente asistentes como membros da Asemblea, descontadas as vacantes.

**Artigo 30º.** De todo-los acordos adoptados na Asemblea Xeral levantarase acta, polo Secretario/a, das mesmas, especificando o nome das persoas que interviron e as demais circunstancias que se consideran oportunas, contido dos acordos adoptados, o resultado da votación e no seu caso, os votos particulares contrarios ó acordo adoptado.

Os votos contrarios ó acordo adoptado ou as abstencións motivadas eximirán a que os emita de calquera responsabilidade derivada de tales acordos.

**Artigo 31º.** Os acordos da Asemblea Xeral, serán vinculantes e de obrigatorio cumprimento para a totalidade dos órganos, persoas e entidades que integran a Federación e terán forza executiva a partir da data da súa adopción.



**Artigo 32º.** A Asemblea Xeral, non poderá adoptar ningún acordo ou realizar ningún acto que poida comprometer de forma irreversible o seu patrimonio ou a actividade que constitue o obxecto propio da Federación.

En caso de dúbida ou a petición dun 5% dos membros de dereito da Asemblea, será requisito imprescindible a emisión dun informe favorable, por parte dos organismos competentes da Xunta de Galicia.

### CAPÍTULO III

#### DA COMISIÓN DELEGADA: NATUREZA, CONSTITUCIÓN, COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO

**Artigo 33º.**

1. No seo da Asemblea Xeral deberá constituirse unha Comisión Delegada que terá carácter efectivo e será un órgano de goberno e representación da Federación.
2. A Comisión Delegada será elexida pola Asemblea Xeral na primeira reunión que esta celebre despois da súa constitución mediante sufraxio entre os membros da mesma. O seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral.
3. O número de membros da Comisión Delegada non será inferior a 5 nin

- superior a 15 membros da Asemblea Xeral. Tendo que estar representados os estamentos da Asemblea Xeral de maneira proporcional.
4. O Presidente da Federación convocará á Comisión Delegada que se reunirá como mínimo cada 4 meses para os fins da súa competencia, e ao menos para realiza-lo seguimento da xestión deportiva e económica da Federación.
  5. Corresponde a Comisión Delegada da Asemblea Xeral:
    - a. A elaboración dun informe previo á aprobación dos presupostos.
    - b. A modificación do calendario deportivo.
    - c. A modificación dos presupostos e dos regulamentos.
    - d. O seguimento da xestión deportiva e económica da Federación



As modificacións non poderán exceder dos límites e criterios que a propia Asemblea Xeral establezca.

A proposta sobre os temas que se van a tratar na Comisión Delegada corresponde ó Presidente ou a dous tercios dos membros da Comisión Delegada.



#### CAPÍTULO IV DO PRESIDENTE

**Artigo 34º.** A/O Presidente da *Federación Galega de RUGBY*, é o órgano executivo desta que posúe a súa representación legal, convoca e preside os órganos de goberno e representación e executa os acordos dos mesmos. O Presidente poderá nomear delegados nas localidades aprobadas pola Asemblea Xeral, que actuarán seguindo as instrucións de aquel e por delegación nas funcións que se lle encomenden. Ditos delegados poderán ser cesados ou substituídos polo Presidente según o criterio.

**Artigo 35º.** Para poder ser candidato á Presidencia da Federación Galega de Rugby deberán reunirse os seguintes requisitos:

- a. Te-la condición de cidadán de Galicia, segundo o disposto no artigo 3 da Lei Orgánica do 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- b. Ser maior de idade e estar en pleno uso dos dereitos civís.
- c. Non estar suxeito a corrección disciplinaria de carácter deportivo que o inhabilite.
- d. Non ter sido condenado mediante sentenza penal firme que leve anexa a pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público.
- e. Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade establecida legalmente ou nos presentes Estatutos.

**Artigo 36º.** O Presidente será elixido por un período de 4 anos coincidindo cos anos nos que teñan lugar os Xogos Olímpicos de Inverno, mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto polos compoñentes da Asemblea Xeral, sen que teña que ser membro desta, e non poderá desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa

12

No caso de que excepcionalmente, quede vacante a Presidencia antes de que transcurra o prazo para o que foi elexido, considerarase dimisionaria toda a Xunta Directiva, constituíndose a Comisión Delegada en Comisión Xestora presidida polo membro de maior idade. Convocará a Asemblea Xeral, e esta acordará unha nova elección de Presidente para cubri-la vacante polo tempo que falte ata a terminación do prazo correspondente ó mandato ordinario.

**Artigo 37º.** O desempeño do cargo de Presidente será causa de incompatibilidades coas seguintes actividades:

- a. Ocupación de cargos directivos noutras entidades relacionadas ou que teñan algún tipo de relación económica ou deportiva coa Federación.
- b. Desenvolvemento de actividades ou desempeño de cargos en asociacións deportivas, clubs ou seccións deportivas dependentes integrados na *Federación Galega de RUGBY*.
- c. A persoa que resulte elexida como Presidente da *Federación Galega de RUGBY*, deberá cesar en todo tipo de actividades directivas e técnicas no deporte específico e no ámbito territorial da Federación, exceptuando a Real Federación Española de RUGBY.

Nos existirá incompatibilidade, en ningún caso coa práctica activa do deporte


**Artigo 38º.** O presidente cesará por:

- a. Trancurso do mandato polo que foi elexido
- b. Dimisión
- c. Incapacidade física o psíquica par continuar no exercicio do seu cargo.
- d. Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea Xeral.
- e. Por incurrir en causa de inellexibilidade, ou incompatibilidade. Neste último caso, disporía dun prazo dun mes para cesar no posto que resulte incompatible co de Presidente.
- f. Por defunción
- g. Por resolución xudicial
- h. Por sanción disciplinaria firme de inhabilitación ou destitución

**Artigo 39º.** A moción de censura ó Presidente da *Federación Galega de RUGBY*, poderá ser presentada polos membros da Asemblea Xeral que constitúan ó menos un 25% da mesma mediante escrito presentado no Rexistro da Federación Galega de RUGBY. En dita petición deberán solicitar do Presidente a convocatoria dunha Asemblea Xeral Extraordinaria con dita moción como único punto da Orde do Día así como propoñer un candidato alternativo á Presidencia.

Para que prospere a moción de censura será necesaria a aprobación por maioría absoluta da Asemblea. Nese caso se entenderá cesado o anterior presidente e o candidato presentado quedará investido cun mandato polo prazo que reste para rematar o período ordinario.

Si a moción de censura non prosperase, non se poderá presentar unha nova polos membros que a promoveron, dentro do mesmo período de mandato

13  


**TÍTULO III**  
**ORGANOS COMPLEMENTARIOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN**

**Artigo 40º.** Son órganos complementarios dos de goberno e representación da *Federación Galega de RUGBY*, para asistir ó Presidente:

- a. A Xunta Directiva
- b. O Secretario Xeral
- c. O Tesoureiro



**Artigo 41º.**

1. A Xunta Directiva é o órgano colexiado de xestión da *Federación Galega de RUGBY* sendo os seus membros designados e revocados polo Presidente.

O número de membros será establecido pola Asemblea Xeral e non poderá ser inferior a 5 e superior a 15.

O Presidente, eleixirá entre os membros da súa Xunta Directiva un Vicepresidente, que o será tamén da *Federación Galega de RUGBY* que substituirá ó Presidente por delegación, imposibilidade física ou ausencia temporal; un Secretario e un Tesoureiro. Tales cargos, en canto baseados na confianza, poderán ser removidos polo Presidente cando o considere conveniente.



Os membros da Xunta Directiva que non sexan da Asemblea Xeral, terán acceso ás sesións da mesma, con dereito a voz pero sen voto.

Todo-los cargos son honoríficos e, no caso de establecerse unha compensación económica a favor de algún dos seus membros da Xunta Directiva, deberá ser expresamente acordada pola Asemblea Xeral por maioría absoluta, e constar dunha maneira diferenciada no Presuposto. En ningún caso, a compensación económica poderá ser satisfeita con cargo ás subvencións públicas que reciba a *Federación Galega de RUGBY*.

2. O Presidente da *Federación Galega de RUGBY*, nomeará un Secretario, **QUE NON SERÁ MEMBRO DA XUNTA DIRECTIVA**, o cal exercerá as funcións de fedatario e asesor, e máis especificamente:

- a. Levantar actas das sesións dos órganos de goberno e representación da *Federación Galega de RUGBY*, con indicación dos asistentes, temas tratados, o resultado das votacións e, no seu caso, os votos particulares contrarios ó acordo adoptado.
- b. Expedir-las certificacións oportunas das actas dos órganos de goberno e representación.
- c. Remitir a Dirección Xeral para o Deporte, as actas das reunións da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada no prazo de 15 días dende a data da súa celebración, así como as convocatorias das mesmas.
- d. Cantas funcións lle encomenden os Estatutos e regulamentos da *Federación* ou lle sexan delegadas polo Presidente.

- e. O control e a fiscalización interna da xestión económico- financeira e orzamentaria, así como a de contabilidade e tesouraría, no caso de non existir a figura do tesoureiro.

3. O Tesoureiro da Federación é o órgano de administración da mesma. Exercerá como funcións propias:

- Leva-la contabilidade e a xestión económica da Federación
- Exerce-la inspección económica de todos os órganos da *Federación Galega de RUGBY*.
- Elaborar e presentar informes á Comisión Delegada do estado contable da *Federación Galega de RUGBY*.

**Artigo 42º.** Os membros da Xunta Directiva, cesarán polas seguintes causas:

- Cese da Presidencia, sen prexuício da súa conversión en Comisión Xestora nos casos previstos nos Estatutos.
- Dimisión.
- Falecemento ou incapacidade física ou psíquica para continuar no cargo.
- Por incurrir en causa de inexibilidade ou incompatibilidade.
- Cesados directamente polo Presidente co cumprimento das comunicacións a que se refiren os presentes Estatutos.

**Artigo 43º.** A Xunta Directiva como órgano colaborador do Presidente non terá competencias propias e exercerá por delegación, as que lle encomende o Presidente que poderá avocar e revogar en calquer momento.

**Artigo 44º.** Os asuntos ordinarios de trámite serán despachados polo Presidente e ó Secretario/a da *Federación Galega de RUGBY*.



## TÍTULO IV DOS ÓRGANOS TÉCNICOS E ASESORES

### CAPÍTULO I COMISIONS EN XERAL

**Artigo 45.**

1. A *Federación Galega de RUGBY*, poderá crear, previa aprobación da Asemblea Xeral, cantas comisións u órganos técnicos precise. En todo caso existirán as seguintes:

- Os Comités de Disciplina Deportiva: Comité de Competición ou Xuíz único de Competición e o Comité de Apelación.
- Comité de Xuices-Árbitros.

15

c. Comité Técnico de Competición.

Toda-las Comisi6ns da *Federaci6n Galega de RUGBY*, regularanse polos seus respectivos regulamentos internos, pola lexislaci6n aplicable, e polo disposto nos presentes Estatutos.

Todo-los Presidentes dos Comités ser6n nomeados polo Presidente da *Federaci6n Galega de RUGBY*. O Secretario da Federaci6n, intervir6 como Secretario de todo-los comités sen voz e sen voto, excepto que formase parte dos mesmos.



## CAPÍTULO II COMITÉ DE XUICES-ÁRBITROS

**Artigo 46º.** No seo da *Federaci6n Galega de RUGBY*, constituirase, de maneira obrigatoria, un Comité de Xuices-Árbitros, no cal o Presidente ser6 designado polo Presidente da Federaci6n Galega de RUGBY.

Ser6n funci6ns deste Comité:

- a. Establece-los niveis de formaci6n arbitral.
- b. Clasificar t6cnicamente 6s Xuices-Árbitros cos criterios prefixados pola Asemblea Xeral.
- c. Propoñer 6s candidatos a Xuices-Árbitros nacionais.
- d. Propoñer 6 Xunta Directiva as normas administrativas que regulan a arbitrxaxe, para a súa aprobaci6n pola Asemblea.
- e. Designar 6s colexiados nas competici6ns oficiais de 6mbito galego.
- f. Colaborar cos 6rganos competentes da Federaci6n.

## CAPÍTULO II COMITÉ TÉCNICO

**Artigo 47º.** O Comité T6cnico ter6 como funci6n fundamental a planificaci6n, a confecci6n, o desenvolvemento dos programas relacionados co rugby, coas escolas de xogadores, cos adestradores e cos 6rbitros, as6 como aquelas cuesti6n t6cnicas que sexan necesarias, como os clinics, cursos superiores, concentraci6ns, perfeccionamento de xogadores, adestradores e 6rbitros e todas as demais cuesti6ns t6cnicas que sexan necesarias. O Presidente da federaci6n poder6 nomear un director t6cnico deste comit6, que estara 6s ordes directas do Presidente.



## CAPÍTULO III XURISDICI6N. 6RGANOS DISCIPLINARIOS. NORMAS XERAIS

**Artigo 48º.** Os 6rganos disciplinarios da Federaci6n Galega de Rugby son o Comité de Competici6n e o Comité de Apelaci6n. Estes 6rganos gozar6n de independencia respecto dos restantes 6rganos federativos.

O nomeamento e cese efectuar6n o Presidente da F.G.R. debendo ser

16

ratificados pola primeira Asemblea Xeral que se celebre. E deberán ser licenciados en Dereito.

A súa actuación deberá ser independente, sendo incompatible co desenvolvemento de cargos directivos da Federación. Tampouco poderá coincidir nunha mesma persoa a calidade de membros de ámbolos comités

**Artigo 49º.** O réxime disciplinario da Federación Galega de Rugby desenvólvese conforme establecen os principios xerais do dereito sancionador e que con carácter xeral atópase regulado na Lei 3/2012 de 2 de abril do Deporte de Galicia e normas de desenvolvemento, así como nos presentes Estatutos.

**Artigo 50º.** O ámbito da potestade disciplinaria esténdese as infraccións das regras do xogo ou competición e as normas xerais deportivas tipificadas na Lei 3/2012, 2 de abril do deporte de Galicia, na súa normativa de desenrolo e nos presentes Estatutos.

**Artigo 51º.** A Federación Galega de Rugby exerce a potestade disciplinaria sobre todas as persoas que forman parte da súa estrutura orgánica; sobre os clubs, xogadores, adestradores, árbitros, directivos e administradores e en xeral sobre todas aquelas persoas e entidades que estando federadas desenvolvan a actividade deportiva correspondente no ámbito da Comunidade Galega.

## TÍTULO V RÉXIME ELECTORAL


### CAPÍTULO I: OS CENSOS

**Artigo 52º.** Comporán os censos correspondentes a cada estamento electoral tódolos membros da *Federación Galega de RUGBY* que reunan os requisitos establecidos para cada estamento nos presentes Estatutos e no Regulamento Electoral.

### CAPÍTULO II: REGULAMENTO ELECTORAL

**Artigo 53º.** Os procesos electorais desenvolveranse conforme ó Regulamento Electoral que deberá ser aprobado pola Asemblea Xeral da *Federación Galega de RUGBY*, a proposta do Presidente, e regulará as seguintes cuestións:

1. Número de membros da Asemblea Xeral; circunscripcións electorais e número de representantes que por cada circunscripción electoral corresponda a cada un dos estamentos.
2. Calendario Electoral.
3. Censo Electoral
4. Composición, competencias e funcionamento da Xunta Electoral.
5. Requisitos para a presentación e proclamación de candidatos. O termo para a presentación de candidatos a presidente e membros

17  




- da asemblea xeral non poderá ser inferior a 10 días.
6. Procedemento de resolución de conflitos, impugnacións e reclamacións así como os recursos electorais.
  7. Regulación do voto por correo nas eleccións á Asemblea Xeral. Non se admitirá esta clase de voto nas eleccións á Comisión Delegada e Presidente.
  8. Composición, competencia, funcionamento e ubicación das Mesas Electorais.
  9. Elección de Presidente da *Federación Galega de RUGBY*.
  10. Elección da Comisión Delegada da Asemblea Xeral.
  11. Designación da Xunta Electoral

O Regulamento Electoral, deberá ser ratificado pola Administración deportiva autonómica.

### CAPÍTULO III: A COMISIÓN XESTORA

**Artigo 54º.** Acordada a convocatoria de eleccións pola Asemblea Xeral e aprobado o Regulamento Electoral o Presidente procederá no prazo sinalado no mesmo á convocatoria de eleccións á Asemblea Xeral. A partir dese momento, a Xunta Directiva, e o Presidente constituirase en Comisión Xestora, e someterán o Regulamento Electoral a ratificación pola Dirección Xeral para o Deporte.

A Comisión Xestora, garantirá a máxima difusión e publicidade das convocatorias de eleccións á Asemblea Xeral e Presidente da *Federación Galega de RUGBY*, así como, do Regulamento Electoral coas medidas previstas nas disposicións federalivas a través dun medio que permita asegurala recepción de dita notificación. Deberá exponerse o Regulamento Electoral en cada circunscrición electoral o mesmo día da convocatoria.

A Comisión Xestora, administrará a *Federación Galega de RUGBY*, e convocará e realizará novas eleccións nun prazo máximo de tres meses no caso de que non se presentara ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas.

### CAPÍTULO IV : CIRCUNSCRIPCIÓN ELECTORAL

**Artigo 55º.** A circunscrición electoral da *Federación Galega de RUGBY*, será a que corresponde o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

### CAPÍTULO V: XUNTA ELECTORAL

**Artigo 56º.**

1.A Xunta Electoral, estará integrada por tres membros titulares e dous suplentes, elixidos por sorteo na Asemblea Xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura.

2.No caso de que non houbera os suficientes candidatos/as o Presidente da *Federación Galega de RUGBY*, propondrá a Asemblea os membros necesarios para cubrir ditos postos



3. De entre os membros elexidos, o Presidente da Xunta Electoral, será o de maior idade, e actuará como Secretario o que o sexa da Federación, con voz pero sen voto.

4. Os membros da Xunta Electoral, non poderán figurar como candidatos en Asemblea Xeral e a Presidencia da *Federación Galega de RUGBY*.

5. A Xunta Electoral, controlará todo o proceso electoral e terá competencia para coñecer e resolver as incidencias que se produzan sobre o Censo Electoral, presentación e proclamación de candidatos, proclamación de membros da Asemblea Xeral e Comisión Delegada e do Presidente da *Federación Galega de RUGBY*, así como a decisión de calquera outras cuestións que afecten directamente á celebración das eleccións e ós seus resultados. Unha vez finalizada a votación, levantará acta da votación e o recuento e remitirá a Acta a Dirección Xeral para o Deporte no prazo máximo de 3 días.

6. As decisións da Xunta Electoral, son executivas e formaranse por maioría de votos. En caso de empate, o voto do Presidente da mesma terá carácter dirimente.

7. Unha vez concluído o proceso electoral da Asemblea Xeral, do Presidente da *Federación Galega de RUGBY* e da Comisión Delegada, a Xunta Electoral disolverase.

## CAPÍTULO VI: MESAS ELECTORAIS

**Artigo 57º.** Para a elección dos distintos estamentos da Asemblea Xeral, do Presidente e da Comisión Delegada, constituirase unha Mesa Electoral na forma establecida no Regulamento Electoral. Os membros da Mesa Electoral, non poderán ser candidatos, axustándose no seu funcionamento ás normas que se establezan no Regulamento Electoral.

## CAPÍTULO VII: RECURSOS

**Artigo 58º.** As reclamacións e impugnacións que se presenten contra calquera acto electoral, dirixiranse á Xunta Electoral e contra o que esta resolva, caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva. Así mesmo, caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, contra todo-los actos, acordos ou resolucións da Xunta Electoral ou calquera outro órgano ou membro da Federación en materia electoral.

## CAPÍTULO VIII: ELECCIÓN DA ASEMBLEA XERAL

1. Os membros da Asemblea Xeral, serán elexidos cada catro anos coincidindo con Xogos Olímpicos de Inverno mediante sufraxio libre, segredo, igual e directo entre e polos compoñentes dos distintos estamentos da *Federación Galega de RUGBY*.

2. As Eleccións á Asemblea Xeral, serán acordadas pola mesma que aprobará a convocatoria con todo-los requisitos que se establecerán no Regulamento Electoral, que así mesmo se aprobe.

3. Acordada polo Asemblea Xeral, a convocatoria de eleccións, o acordo será formalmente executado polo Presidente da *Federación Galega de RUGBY* quen asinará a mesma.



19

4. Dende a convocatoria para a celebración desta Asemblea Xeral, a Xunta Directiva e o Presidente constituiranse en Comisión Xestora.

**Artigo 59º.** Para ser candidato a membro da Asemblea Xeral, requírese o cumprimento dos requisitos establecidos con carácter xeral no artigo 14.5 destes Estatutos.

Os requisitos esixidos para ser electores ou elexibles, deberán terse cumpridos no día no que se publique a convocatoria de eleccións.

**Artigo 60º.** As eleccións á Asemblea Xeral, realizaranse para cada un dos postos correspondentes ós estamentos integrantes da mesma de acordo co previsto nestes Estatutos.

**Artigo 61º**

a. Os representantes das Entidades Deportivas na Asemblea Xeral, serán elexidos por e entre as entidades inscritas na Federación Galega de RUGBY no Rexistro de Entidade Deportivas de Galicia no momento da convocatoria de Eleccións, que cumpran os demais requisitos previstos na normativa autonómica de aplicación.

b. Os representantes dos Deportistas, Técnicos e Xuices-Árbitros na Asemblea Xeral, serán elexidos por e entre os maiores de 18 anos que teñan licenza en vigor expedida pola Federación Galega de RUGBY no momento da convocatoria das eleccións, que reúnan os requisitos previstos na normativa autonómica de aplicación.

## CAPÍTULO IX: ELECCIÓN DE PRESIDENTE

**Artigo 62º.** Unha vez concluídas as eleccións á Asemblea Xeral, o Presidente da Comisión Xestora, previo acordo da mesma, procederá inmediatamente a convocatoria da dita Asemblea para elexir o Presidente e a Comisión Delegada da *Federación Galega de RUGBY*.

O Presidente da Federación Galega de RUGBY, será elexido para un período de catro anos, coincidindo cos anos en que se celebren os Xogos Olímpicos de Inverno, pola Asemblea Xeral, mediante sufraxio libre, directo, igual e segredo por todo-los membros da Asemblea Xeral previa a presentación e aceptación de candidaturas correspondentes. Os candidatos a presidente non teñen por que ser membros da Asemblea Xeral da Federación.

**Artigo 63º.** Será elexido Presidente da *Federación Galega de RUGBY* o candidato que obteña a maioría absoluta dos membros presentes. No caso de que ningún candidato alcance esa maioría, procederase a unha segunda votación entre os dous candidatos máis votados, resultando elexido o que obteña a maioría de votos.

No suposto de que se presentara un só candidato, non se efectuará votación.

**Artigo 64º.** Para poder ser candidato a Presidente da *Federación Galega de RUGBY*, haberán de reunirse as condicións seguintes:

20  


- a. Te-la condición de cidadán de Galicia, según o que dispón o Estatuto de Autonomía.
- b. Ser maior de idade.
- c. Non estar incurso en ninguna sanción deportiva que o inhabilite, dictada polos órganos disciplinarios da *Federación Galega de RUGBY* ou polo Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- d. Non ter sido condenado, mediante sentenza firme, que leve anexa pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de cargos públicos.



**Artigo 65º.** A votación será libre, igual, directa e segreda, non admitíndose o voto por correo, nin por delegación das persoas físicas.



## CAPÍTULO X: ELECCIÓN DA COMISIÓN DELEGADA

**Artigo 66º.** Na mesma Asemblea Xeral, convocada para elección de Presidente, e unha vez realizada esta, procederase á elección dos membros da Comisión Delegada da Asemblea Xeral.

A Comisión Delegada, estará composta polo número de membros que corresponda, e ademais o Presidente da *Federación Galega de RUGBY*. Os membros da Comisión Delegada, serán elixidos por e entre os integrantes da Asemblea Xeral.

Serán elixidos membros da Comisión Delegada os que obteñan maior número de votos ata cubri-lo número de membros correspondentes a Comisión Delegada.

## TÍTULO VI RÉXIME ECONÓMICO

**Artigo 67º.** A *Federación Galega de RUGBY*, está sometida ó réxime de administración, presuposto e patrimonio propio e caixa única.

O Tesoureiro someterá, á Asemblea Xeral ordinaria, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, memoria económica, así como o presuposto para a tempada seguinte, balance e presuposto que deberá ser notificado a Administración deportiva autonómica.

Non poderá aprobarse un presuposto deficitario salvo autorización da Administración deportiva autonómica. Tampouco poderán repartirse beneficios entre os seus membros.

A *Federación Galega de RUGBY*, elaborará unha memoria que analizará fielmente a actividade económica da Federación, a súa adecuada actuación presupuestaria, o cumprimento dos obxativos e os proxectos a desenvolver, e informará separadamente como mínimo sobre os seguintes aspectos:

1. Diferenciación dos ingresos e aportacións segundo:
  - a. Subvencións públicas.
  - b. Subvencións, donativos ou aportacións privadas.

21

- c. Venda de activos.
- d. Ingresos procedentes de competicións organizadas.
- e. Ingresos por servicios prestados pola *Federación Galega de RUGBY*, permisos, licencias e outros.
- f. Ingresos financeiros.

2. Tamén constará o destino da totalidade dos recursos, distinguindo como mínimo os grupos de custo ou investimentos seguintes:

- a. Administración da *Federación Galega de RUGBY*.
- b. Dirección e servicios da Xunta Directiva, incluíndo viaxes.
- c. Competicións.
- d. Axudas a Clubes e outras entidades.
- e. Axudas para actos deportivos.
- f. Construcións e outros inmovilizados.
- g. Formación de deportistas e técnicos.
- h. Deportes de elite profesional.
- i. Xuices – Árbitros.
- j. Organos xurisdicionais.

- 3. O importe das obrigacións de pagamento que é necesario satisfacer noutros exercicios que non estean previstos de balance.
- 4. O importe das garantías e avais comprometidos.
- 5. A liquidación do orzamento, que explique as variacións en relación co orzamento aprobado na Asemblea anterior.

As contas anuais e os orzamentos estarán no domicilio social da *Federación* cunha antelación mínima de 15 días a data da Asemblea Xeral, a disposición das persoas ou entidades con dereito a voto na mesma, as cales, poderán pedir copia que se lles entregará antes da celebración da Asemblea.

O peche do exercicio económico anual da *Federación* será o 31 de decembro

**Artigo 68º.** A *Federación* ten orzamento e patrimonio propios e deberá someter a súa contabilidade e o seu estado económico ou financeiro as prescricións legais.

Constitúen os ingresos da *Federación Galega de RUGBY*:

- a. As subvencións ordinarias e extraordinarias da Xunta de Galicia ou as que outras Entidades Públicas poidan concederlle, así como as provintes, no seu caso, da Real Federación Española de RUGBY, así como se é o caso doutras entidades públicas e privadas.
- b. Os bens ou dereitos que reciba por herencia, legado ou donación de persoas físicas ou entidades particulares así coma os premios que lle sexan otorgados.
- c. As cuotas dos seus afiliados.
- d. As sancións pecuniarias que lle impondan ós seus afiliados dentro do exercicio da potestade disciplinaria.
- e. Os frutos, rentas e intereses dos seus bens patrimoniais.
- f. Os préstamos ou créditos que se lle concedan.
- g. Os beneficios que produzan actividades e competicións deportivas que organicen, así como os derivados dos contratos que realicen.
- h. Os dereitos de inscrición e demais recursos que procedan das



- competicións organizadas pola federación.
- i. Calesqueira outros que poidan serlle atribuídos por disposición legal ou en virtude de convenio.

**Artigo 69º.** A *Federación Galega de RUGBY* destinará a totalidade dos seus ingresos e patrimonio á consecución dos fins propios do seu obxecto social. Será necesaria a autorización da Administración Autonómica para a venda ou gravame dos bens inmobles, si a súa titularidade corresponde a federación e que fosen financiadas en todo ou en parte, con fondos públicos. Así mesmo, requirirase igual autorización, cando a federación pretenda comprometer gastos de carácter plurianual ou cando a natureza do gasto, ou a porcentaxe deste en relación co seu presuposto, vulneren os criterios que regulamentariamente se determinen. Esta autorización poderase consignar nos contratos, programa que se poidan asinar entre a Administración deportiva autonómica

**Artigo 70º.** A xestión económica ordinaria correrá a cargo do Tesoureiro, baixo a dirección do Presidente, cuidando das operacións de cobros e pagos.

Autorizará coa súa sinatura, mancomunada coa do Presidente, ou coa do Vicepresidente autorizado, tódolos documentos de movementos de fondos. Será responsable da levanza e custodia dos libros de contabilidade. Formulará os balances que anualmente, deberán presentarse a Asemblea Xeral para a súa aprobación.

## TÍTULO VII RÉXIME DOCUMENTAL

**Artigo 71º.** O réxime documental da *Federación Galega de RUGBY*, comprenderá como mínimo, os seguintes libros debidamente dilixenciados:

- a. Libro de rexistro de entrada e saída de documentos e comunicacións oficiais.
- b. Libro rexistro de clubs nos que constarán a denominación destes, domicilio social e número de inscrición no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia.
- c. Libros de actas que consignarán as reunións que celebren tódolos órganos colexiados da *Federación Galega de RUGBY*, tanto de goberno e representación como complementarios e técnicos.
- d. Libros de contabilidade.
- e. Libro inventario de bens mobles e inmobles.
- f. Rexistro dos membros da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada no que deberán consta-los nomes dos titulares ou representantes legais e os domicilios para as citacións e comunicacións.

**Artigo 72º.** O réxime documental da *Federación Galega de RUGBY*, estará o cargo do Secretario, a que lle corresponde a custodia dos libros da Federación, levantar actas das reunións dos órganos colexiados e, unha vez aprobadas, asinadas co visto e prace do Presidente, expedir certificacións, remiti-las certificacións e acordos que procedan á Administración deportiva autonómica e, en xeral, prepara-las resolucións e despacho de tódolos asuntos.

23  


No caso de ausencia ou imposibilidade física do Secretario, as súas funcións serán desempeñadas polo propio Presidente da Federación ou pola persoa que delegue.

## TÍTULO VIII RÉXIME DISCIPLINARIO E XURISDICCIONAL

### CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

**Artigo 73º.** A *Federación Galega de RUGBY*, en materia de disciplina deportiva, ten potestade sobre tódalas persoas que formen parte da súa estrutura orgánica, os clubs deportivos e os seus deportistas, técnicos e directivos, os xuíces – árbitros, e, en xeral, todas aquelas persoas e entidades que, estando federadas, desenvolva a actividade deportiva correspondente no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Artigo 74º.** Os órganos competentes en materia disciplinaria da *Federación Galega de RUGBY*, serán:

- a. En primeira instancia un Comité de Competición ou Xuíz Único.
- b. En segunda instancia un Comité de Apelación ou Xuíz Único.

Ambolos dous órganos rexiránse por e aplicarán o disposto na Lei 3/2012 do 2 de abril e no Real Decreto 1591/1992 do 23 de decembro, sobre disciplina deportiva, os presentes estatutos e a propia regulamentación federativa que os desenvolve.

Unha vez elixidos os membros dos Comités, estes designarán os seus Presidentes na primeira reunión que celebren.

A composición destes Comités será comunicada a Administración Deportiva Autonómica na forma prevista nestes Estatutos.

**Artigo 75º.** Contra as resolucións definitivas da *Federación Galega de RUGBY*, en materia disciplinaria cabe recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

### COMITÉ DE COMPETICIÓN

**Artigo 76º.** O Comité Galego de Competición estará integrado por tres membros ou, no seu caso, por un Xuíz Único, nomeado polo Presidente, e que será auxiliado por un secretario pertencente á Secretaría da Federación Galega. O Xuíz Único será o encargado de coñecer e resolver os casos, segundo as súas competencias, que son as seguintes:

Resolver en primeira instancia:

- a) As reclamacións e incidencias que teñan lugar con motivo das competicións de carácter galego ou das fases clasificatorias para acceso ás fases finais nacionais das distintas categorías.



24  
*[Handwritten signature]*

b) Os litixios que se susciten entre xogadores e clubs con motivo da subscripción e expedición de licenzas, cando se refiran ás categorías territoriais galegas que, de ser o caso, consideraranse como materia disciplinaria cando se aprecie inobservancia das normas, o cal será obxecto da sanción correspondente.

### COMITÉ GALEGO DE APELACIÓN

**Artigo 77º.** O Comité Galego de Apelación estará integrado por tres membros ou, no seu caso, por un Xuíz Único, nomeado polo presidente, e que será auxiliado por un secretario pertencente á Secretaría da Federación Galega. O Xuíz Único será o encargado de coñecer e resolver os casos que se lle presenten, segundo a súa competencia.

**Artigo 78º.** É competencia do Comité de Apelación o coñecemento e resolución de todos os recursos interpostos contra as resolucións ditadas polo Comité Galego de Competición.

**Artigo 79º.** Regulamentariamente, e no ámbito das súas competencias, a Federación Galega de Rugby desenvolverá o réxime disciplinario, definindo as faltas e sancións e establecendo o procedemento que se deberá seguir en cada caso, de conformidade coa legalidade vixente na materia. Constituirá falta, que se sancionará de acordo co réxime disciplinario vixente, toda infracción das normas contidas nos presentes Estatutos, no Regulamento Xeral e en calquera disposición da carácter deportivo que o sinale.

**Artigo 80º.** As resolucións ditadas polo Comité de Apelación da Federación Galega de Rugby coas resolucións adoptadas polo Comité Galego de Competición poderán ser recorridas no prazo de 15 días hábiles, a partir da súa notificación, ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva da Xunta de Galicia, de acordo en cada caso coa normativa vixente.

## CAPÍTULO II INFRACCIÓNS E SANCIÓNS DISCIPLINARIAS

**Artigo 81º.** Son faltas disciplinarias as infraccións das regras do xogo ou competición e as infraccións das normas xerais de conduta deportiva tipificadas nestes estatutos e na lei do deporte

**Artículo 82º.** Naturaleza e clasificación das infraccións.

1. As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves. As sancións correspondentes aplicaranse en función da clasificación das infraccións.

2. Consideraranse infraccións moi graves as seguintes:

a. Ás actuacións dirixidas a predeterminar, mediante prezo, intimidación ou simple acordo ou decisión, o resultado dunha proba, encontro ou competición.

b. Os comportamentos e actitudes agresivos e antideportivos ou



25  
*[Handwritten signature]*

discriminatorios dos xogadores ou técnicos, cando se dirixan ao árbitro, aos xurados, a outros xogadores, técnicos ou ao público.

c. Os quebrantamentos de sancións impostas.

d. A manipulación ou alteración, xa sexa persoalmente ou a través de persoas interpostas, do material ou equipamento deportivo en contra das regras técnicas de cada deporte cando poidan alterar a seguridade da proba, encontro ou competición ou poñan en perigo a integridade das persoas.

e. Non executar ou desobedecer as resolucións no ámbito disciplinario do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

f. A inasistencia sen xusta causa dos deportistas ás convocatorias da selección galega ou a negativa da entidade deportiva a facilitar a súa asistencia.

g. A aliñación indebida e non comparecer ou retirarse inxustificadamente das probas, encontros ou competicións.

h. A reincidencia na comisión de faltas graves. Enténdese que hai reincidencia na comisión cando se sancione mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións graves no período dun ano.

Da infracción á que se refire a letra e) poderá ser responsable a presidenta ou o presidente da federación, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.

3. Consideraranse infraccións graves as seguintes:

a. A falta de remisión en prazo ou de forma manifestamente incompleta, sen xusta causa, dos expedientes ou da información requirida polo Comité Galego de Xustiza Deportiva.

b. O incumprimento de ordes e instrucións emanadas dos órganos deportivos competentes.

c. Actuar de forma pública e notoria contra a dignidade e decoro propios da actividade deportiva.

d. A reiteración de faltas leves. Entenderase que hai reiteración cando sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións leves no período dun ano.

Das infraccións ás que se refiren as letras a) e b) poderá ser responsable a presidenta ou o presidente da federación, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.

4. Consideraranse infraccións leves as seguintes:

a. As condutas contrarias ás normas deportivas que non estean incursas na cualificación de moi graves ou graves.

b. A incorrección co público, compañeiros e subordinados.



 26 

c. A adopción dunha actitude pasiva no cumprimento das ordes e instrucións recibidas de xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

#### **Artigo 83º. Sancións.**

1. Pola comisión de faltas moi graves imponse as seguintes sancións:
  - a. Multa en contía non superior a 1.500 euros.
  - b. Perda de puntos ou postos de clasificación.
  - c. Perda de ascenso de categoría ou división.
  - d. Clausura do recinto deportivo por un período máximo dunha tempada.
  - e. Suspensión ou privación da licenza federativa ou, no seu caso, da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, ou da habilitación para ocupar cargos nunha federación deportiva por un prazo máximo de cinco anos.
  - f. Privación da licenza federativa, cancelación da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia ou privación da habilitación para ocupar cargos na federación deportiva a perpetuidade. Esta sanción unicamente poderá acordarse, de modo excepcional, pola reincidencia en infraccións de extrema gravidade.
  - g. Inhabilitación por un período de dous a catro anos, cando as infraccións sexan cometidas por directivos.
  - h. Destitución do cargo, cando as infraccións sexan cometidas polos directivos.

2. Pola comisión de faltas graves imponse as seguintes sancións:

- a. Amoestación pública.
- b. Multa en contía non superior a 1.000 euros.
- c. Clausura do recinto deportivo ata un máximo de catro encontros ou tres meses.
- d. Suspensión ou privación da licenza federativa e/ou, se é o caso, da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, e inhabilitación para ocupar cargos dun mes a dous anos.

3. Pola comisión de faltas leves imponse as seguintes sancións:

- a. Apercibimento.
  - b. Inhabilitación para ocupar cargos federativos ou suspensión de ata un mes, ou dun a tres encontros ou probas.
4. As federacións deportivas poderán establecer un sistema de infraccións e sancións que, como mínimo, deberá recoller o disposto na presente lei.
5. As multas soamente poderán imponse ás entidades deportivas e aos que, conforme a esta lei, sexan considerados deportistas profesionais ou técnicos profesionais.

#### **Artigo 84º. Principio de proporcionalidade.**

Para graduar as sancións téranse en conta as circunstancias concorrentes, a natureza dos feitos, as consecuencias e os efectos producidos, a existencia de intencionalidade, a reincidencia e a ocorrencia de circunstancias agravantes ou atenuantes. En función das circunstancias previstas, as sancións aplicaranse nos seus graos máximo, mínimo ou medio. Se é o caso, de concorrer circunstancias atenuantes cualificadas, poderase aplicar a sanción inferior nun grao á prevista.

#### **Artigo 85º. Circunstancias modificativas da responsabilidade:**

1. Serán consideradas como circunstancias atenuantes o arrepentimento



*[Handwritten signature]* 27

espontáneo e a existencia de provocación abondo inmediatamente anterior á comisión da infracción.

2. Serán consideradas como circunstancias agravantes da responsabilidade a reincidencia, o prezo, o prexuízo económico ocasionado e o número de persoas afectadas pola infracción respectiva.

3. Entenderase producida a reincidencia cando a persoa infractora cometa, polo menos, unha infracción da mesma natureza declarada por resolución firme, no termo dun ano.

4. Os órganos disciplinarios sancionadores poderán, no exercicio da súa función, aplicar a sanción no grao que consideren axeitado, ponderando, en todo caso, a natureza dos feitos, a personalidade do responsable, as consecuencias da infracción e a concorrencia de circunstancias atenuantes ou agravantes.

#### **Artigo 86º. Causas de extinción da responsabilidade.**

A responsabilidade disciplinaria extinguese:

- a. Polo cumprimento da sanción.
- b. Polo falecemento da persoa inculpada.
- c. Por disolución da entidade ou da federación deportiva sancionadas.
- d. Por prescrición das infraccións ou sancións.

#### **Artigo 87º. Prescrición de infraccións e sancións.**

1. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves prescribirán ao ano e, as leves, ao mes.

2. O termo de prescrición comeza a contar o día en que se cometeron os feitos e interrómtese no momento en que se acorda iniciar o procedemento sancionador. O seu cómputo continuarase se o expediente permanecese paralizado durante un mes por causa non imputable ao presunto responsable.

3. As sancións prescribirán aos tres anos, ao ano ou ao mes, segundo se trate das que correspondan a infraccións moi graves, graves ou leves. O prazo de prescrición comezará a contar dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impuxo a sanción, ou dende o momento en que se quebrantase o seu cumprimento, se este xa tivese comezado.


### **CAPÍTULO III. PROCEDIMENTOS DISCIPLINARIOS DEPORTIVOS.**

#### **Artigo 88º. Procedemento disciplinario.**

A imposición de sancións pola comisión das infraccións previstas no capítulo III do título VII da presente lei axustarase aos procedementos que se conteñen no presente capítulo.

#### **Artigo 89º. Clases de procedementos.**

1. Os procedementos para a imposición de sancións serán o abreviado e o

28  


ordinario.

2. O procedemento abreviado é aplicable para a imposición das sancións por infracción das regras do xogo ou da competición. A súa concreción deberá realizarse nos estatutos das federacións deportivas atendendo ao previsto no artigo 106, e, na súa regulación, deberá asegurar o normal desenvolvemento da competición. En todo caso, deberá asegurarse o trámite de audiencia ás persoas interesadas e o dereito ao recurso.

3. O procedemento ordinario será de aplicación para as sancións correspondentes ás infraccións das normas xerais de conduta deportiva.

#### **Artigo 90º. Regras comúns aos procedementos.**

1. No non previsto na presente lei, serán de aplicación supletoria as normas contidas na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Real Decreto 1398/1993, de 4 agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

2. Os procedementos sancionadores respectarán a presunción de inexistencia de responsabilidade administrativa mentres non se demostre o contrario.

3. As sancións impostas a través do correspondente procedemento disciplinario serán inmediatamente executivas, salvo que o órgano encargado da resolución do recurso acorde a suspensión.

4. As actas subscribas polos xuíces ou árbitros do encontro, proba ou competición constituirán medio documental necesario en conxunto da proba das infraccións ás regras e normas deportivas. Igual natureza terán as ampliacións ou aclaracións a aquelas.

As manifestacións do árbitro ou xuíz plasmadas nas citadas actas presúmense certas, salvo proba en contrario.

#### **Artigo 91º. Procedemento abreviado.**

As regras ás que debe axustarse o procedemento abreviado son as seguintes:

##### **1. Iniciación:**

a. O procedemento abreviado iniciase coa notificación da acta da proba ou competición, que reflecta os feitos que poden dar lugar a sanción, subscriba polo xuíz ou árbitro e polos competidores ou polos delegados dos clubs. No suposto de que os feitos que poidan dar lugar a sanción non estean reflectidos na acta, senón mediante anexo, o procedemento iniciase no momento en que teña entrada na correspondente federación o anexo da acta do partido ou documento no que queden reflectidos os feitos obxecto de axuízamento.

b. Tamén pode iniciarse a instancia da parte interesada, sempre que a denuncia se presente nas dependencias da federación correspondente dentro do segundo día hábil seguinte ao día en que se tivese celebrado a proba ou competición.

##### **2. Tramitación e resolución:**



29

a. No prazo de dous días, que se contarán dende a notificación prevista no apartado anterior, as persoas interesadas poderán formular alegacións en relación cos feitos consignados na acta, o anexo ou a denuncia. Tamén poderán propoñer ou achegar, se é o caso, as probas pertinentes.

A proba deberá practicarse no prazo máximo dos dous días hábiles seguintes ao da súa admisión.

b. O órgano competente, no prazo máximo de dous días, que se contarán a partir da presentación de alegacións ou da práctica da proba ou da súa denegación, ao órgano competente para resolver a proposta de resolución, para que, dentro do día seguinte, se dite resolución na cal se deben expresar os feitos imputados, os preceptos infrinxidos e os que habilitan a sanción que se impoña. Así mesmo, deben expresarse na mesma resolución os motivos de denegación das probas non admitidas se non se tivese realizado con anterioridade.

A resolución deberase notificar ás persoas interesadas, con expresión dos recursos que se poidan formular contra ela e do prazo para a súa interposición.

#### **Artigo 92º.- Procedemento Ordinario**

As regras ás que debe axustarse o procedemento ordinario son as seguintes: 1. Iniciación:

a. O procedemento iniciase por acordo do órgano competente, de oficio ou a instancia da persoa interesada.

b. O acordo que inicie o procedemento conterá a identidade do instructor, se é o caso do secretario, da autoridade competente para impoñer a sanción e a norma que lle atribúa tal competencia, o prego de cargos que conterá a determinación dos feitos imputados, a identificación da persoa ou persoas presuntamente responsables, así como as posibles sancións aplicables. Este acordo deberá serlle notificado á persoa interesada.

Serán de aplicación ao instructor e ao secretario as causas de abstención e recusación e procedemento establecidas no capítulo III do título II, artigos 28 e 29, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Tramitación:

a. Durante a tramitación do procedemento, o órgano competente para incoalo, de oficio ou a instancia do instructor, poderá acordar en resolución motivada as medidas que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer.

b. O acordo de iniciación notificarase ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para contestar aos feitos e propoñer a práctica das probas que conveña á defensa dos seus dereitos e intereses.

c. Practicaranse de oficio ou admitiranse por proposta da persoa interesada tantas probas sexan adecuadas para a determinación de feitos e posibles responsabilidades. Só se poderán declarar improcedentes aquelas probas que pola súa relación cos feitos non poidan alterar a resolución final a favor do presunto responsable.

Contestado o prego de cargos ou transcorrido o prazo para facelo, ou concluída a fase probatoria, o instructor redactará a proposta de resolución ben apreciando a existencia dalgunha infracción imputable -e neste caso conterá necesariamente os feitos declarados probados, as infraccións que constitúan e disposicións que as tipifiquen, as persoas que resulten presuntamente



20  
*[Handwritten signature]*

responsables e as sancións que procede imponse ben propondo a declaración de inexistencia de infracción ou responsabilidade e o sobresemento con arquivo das actuacións.

A proposta de resolución notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para formular alegacións e presentar os documentos que consideren pertinentes.

3 Resolución:

a. Recibidas polo instrutor as alegacións ou transcorrido o prazo de audiencia, elevará o expediente ao órgano competente para resolver.

b. A resolución do órgano competente pon fin ao procedemento común, e ditárase no prazo máximo de 10 días hábiles.

**Artigo 93º.** Lexitimación para recorrer as sancións.

Están lexitimadas para interpoñer recurso en materia disciplinaria as persoas directamente afectadas pola sanción. Enténdese, en todo caso, por tales os deportistas, as súas entidades deportivas e as entidades deportivas participantes na competición.

## TÍTULO IX

### DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS E DA DISOLUCIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE RUGBY

**Artigo 94º.** Os Estatutos da *Federación Galega de RUGBY*, só poden ser modificados pola Asemblea Xeral e de acordo co establecido nos presentes Estatutos.

**Artigo 95º.** A proposta de modificación dos Estatutos deberá ser acordada polo Presidente ou Comisión Delegada da *Federación Galega de RUGBY*, nomeándose seguidamente pola mesma unha comisión técnica que realice os traballos necesarios para presentar a Asemblea o novo texto que se someterá a aprobación.

Aprobada a reforma dos Estatutos por maioría absoluta da Asemblea Xeral, deberá ser ratificada pola Administración deportiva Autonómica.

**Artigo 96º.** A *Federación Galega de RUGBY*, disolveráse polas seguintes causas:

- a. Por acordo dos 2/3 dos membros da Asemblea Xeral, refrendado por maioría absoluta por todos os membros da Federación Galega de Rugby a través de votación libre, igual, directa y secreta.
- b. Por revogación do seu recoñecemento.
- c. Por resolución xudicial.
- d. Por integración ou fusión con outra federación deportiva galega.
- e. Polas demais causas previstas no ordenamento xurídico

En caso de disolución ou extinción da *Federación Galega de RUGBY*, o seu patrimonio neto, si o houbera, apricarase a realización de actividades análogas determinándose pola Administración deportiva Autonómica o seu destino concreto.



### Disposición derogatoria

Desde o momento da publicación dos presentes Estatutos no Diario Oficial de Galicia, quedan derogados na súa integridade os Estatutos anteriores da Federación Galega de Rugby.

### Disposición derradeira única

Os presentes estatutos entrarán en vigor o día seguinte ó da notificación da súa aprobación pola Secretaría Xeral para O deporte, sen prexuízo da súa posterior publicación no Diario Oficial de Galicia.



DILIXENCIA para facer constar que os presentes Estatutos da entidade Federación Galega de Rugby foron ratificados e inscritos co núm. F-369 no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia (DOG 13-04-2012).  
Santiago, a 26 de 10 de 20 17.  
O/A FUNCIONARIO/A

32



**EXPEDIENTE:** PR946B 2016/000026-0  
**SOLICITANTE:** FEDERACIÓN GALEGA DE RUGBI  
**Nº REGISTRO:** F-00369

## RESOLUCIÓN

Á vista da solicitude e documentación presentada, e sendo conforme coa Lei 2 /2012 do 2 de abril, do Deporte de Galicia, e co Decreto 85/2014 do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e demais normativa aplicable é polo que:

### RESOLVO:

Anotar no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia as modificacións seguintes:

**MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS.** Aprobación dos Estatutos para a súa adaptación á lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia en assemblea xeral extraordinariade 18 de decembro de 2013.

Contra esta Resolución poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes a contar desde a data de notificación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza del Galicia no prazo de dous meses a contar desde a data de notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela, a 26 de outubro de 2016

O secretario xeral para o deporte

José Ramón Lete Lasa



SR. PRESIDENTE DE FEDERACIÓN GALEGA DE RUGBI

